



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G003/000140

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Bases SADA COMERCIO 2022)

Visto o expediente tramitado para aprobación das bases de participación no Sada Comercio 2022 a instancia da Concellería de Promoción Económica, Turismo e Emprego que terá lugar os vindeiros días 12 e 13 de marzo do presente ano, examinadas e achadas conformes as bases correspondentes, esta Alcaldía vén en resolver:

### RESOLVO:

Primeiro.- Prestar aprobación ás Bases para a celebración do Sada Comercio 2022.

Segundo.- Ordenar a continuación do proceso coa publicación das bases na web e no taboleiro informativo municipal.

### BASES DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA SADA COMERCIO MARZO 2022

#### 1. Obxecto:

As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións e o procedemento de outorgamento da autorización da ocupación de terreos de uso público para instalación de diferentes postos de venda de diversas mercadorías por parte do comercio e da hostalaría local, na carpa situada a tal fin na praza situada detrás da Terraza, os días 12 e 13 de marzo do presente ano.

#### 2. Normativa reguladora

Ordenanza núm. 16 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficos.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### 3. Inscripción, prazo de presentación e documentación requirida

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días desde a súa publicación na páxina web do Concello de Sada.

As instancias solicitando tomar parte na Feira Sada Comercio 2022 presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica de Sada ([sada.gal](https://sede.sada.gal)) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En cumprimento da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administración pública no seu artigo 14, as persoas xurídicas deberan relacionarse de maneira electrónica coas administracións públicas. Nos casos de persoas físicas (autónoma) a súa inscrición poderá realizarse no Rexistro Xeral do Concello con cita previa obrigatoria.

As solicitudes deberán enviarse no modelo de inscrición debidamente cumprimentado (Anexo I), xunto con fotocopia do DNI.

O pago da taxa regulase pola Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodase cinematográfico, e a súa contía é de 30€ por día.

A forma de pago será a da liquidación por parte dos servizos económicos municipais que emitirán o documento de pago necesario para o abono da taxa correspondente. A inscrición non será efectiva ata a comprobación do pago da mesma.

#### 4. Montaxe e Horarios

A montaxe levarase a cabo o día venres 11 de marzo a partir das 20h. A desmontaxe levarase a cabo o día domingo 13 de marzo a partir das 21:00h. O horario de venda ao público os días da feira será das 11:00 ás 21:00 horas o sábado e de 12:00 ás 21:00 horas o domingo.

Os e as participantes comprométense a cumprir co horario de apertura e peche sendo este ininterrompido así como as medidas de seguridade e de control de aforo no recinto.

A organización garante o servizo de seguridade nocturna no recinto acotado para as noite do venres e sábado. A organización non se fai responsable do contido do posto no horario de apertura da feira.

#### 5. Asignación de Espazos e localizacións da Feira

O número mínimo de postos requiridos para levar a cabo o evento serán dun mínimo de dez e un máximo de



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

vinte, podendo tomar parte nesta feira calquera establecemento ou comerciante do Concello de Sada que presenten a solicitude en tempo e forma e sendo un criterio a valorar a súa participación en anteriores edicións da feira. Os e as participantes poderán solicitar ata dous postos por persoa física ou xurídica (debendo aboar dobremente a taxa, nese caso); no caso de que as solicitudes superen o número máximo de postos habilitados, resolverase por sorteo entre os e as solicitantes.

A asignación dos espazos corre a cargo da organización, buscando o consenso cós e coas participantes; en caso de non acadarse, será por sorteo debido as limitacións do espazo existente. O espazo individual a ocupar será de 3x3 m<sup>2</sup>.

A distribución dos postos poderá ser modificada por este Concello por causas organizativas.

## 6. Aceptación de Solicitudes

A organización resolverá as solicitudes e notificará a concesión de posto antes dos 10 días hábiles.

## 7. Servizos Facilitados

7.1.- Carpa tipo haima de 3x3m

7.2.- Puntos de luz na Feira. Os e as comerciantes que desexen conectarse á luz deberán levar unha regleta homologada e os dispositivos de luz dos que dispoñan.

7.3- Taboleiros, mesas e cadeiras para os e as participantes.

7.4.- Cartelaría identificativa que sirva de información e publicidade do evento.

7.5.- A organización disporá diversos contedores de lixo no recinto.

7.6.- A organización non se responsabilizará dos roubos ou danos que se poidan ocasionar.

7.7- Seguridade nocturna.

7.8- Información sobre as medidas de seguridade e material de protección fronte a COVID-19

8.- A organización reservase o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera posto que non se adapte aos

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

requisitos establecidos nesta convocatoria ou no caso de incumplimento evidente das normas de seguridade e de aforo. O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO SADA COMERCIO 2022 (ANEXO I)

NOME DA TENDA:	
----------------	--

NOME DO TITULAR:	
------------------	--

TELÉFONO	
----------	--

DIRECCIÓN:	
------------	--

CIF:	DNI:
------	------

PRODUCTO OFERTADO:	
--------------------	--

MODELO DE VEHÍCULO:	
---------------------	--

MATRÍCULA:	
------------	--

MESA: SI o NON o	CADEIRAS: SI o NON o	HAIMA: SI o NON o
------------------	----------------------	-------------------

PUNTO DE LUZ NO POSTO: SI o NON o
-----------------------------------

### DATOS DO OU DA REPRESENTANTE:

NOME:	DNI:
-------	------

### SOLICITA

Participar no Sada Comercio 2022 que terá lugar nos vindeiros días 12 e 13 de marzo. O/A solicitante manifesta coñecer as Bases de participación e o compromiso de observalas así como a normativa a que debe axustarse a súa actividade.

Sada, de de 2022

Asdo.

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE: DNI**

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

ASINADO POR Óscar Benito Portela Fernández (DATA: 02/02/2022 11:51:00), María del Carmen Seoane Bouzas (DATA: 02/02/2022 15:24:00)

Decreto Número: 137/2022 - Data do decreto: 02/02/2022  
Versión imprimible

CVD: XoPy9pyDbvejIgfQAZIX  
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).